



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS
DO CONSELLO SOCIAL DO 23.02.2023**

LUGAR: Sala II do Edificio Miralles - Campus de Vigo

DATA: 23.02.2023

HORA DE COMEZO: 12:15 h.

HORA DE REMATE: 13:20 h.

LISTA DE ASISTENTES

Pedrosa Silva, Ernesto (presidente)

Blanco Gómez, César

Castro Mouzo, Mercedes

Cendón Alonso, María Teresa

Crespo Tobío, Silvia

López Fernández, Yolanda

Rodríguez Iglesias, Ignacio (secretario)

DESCULPARON ASISTENCIA

Ortiz Álvarez, Ana María

NON ASISTIRON

Michinel Álvarez, Miguel Ángel



O xoves, día 23 de febreiro de 2023, ás 12:15 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (04.10.2022).
2. Informe do presidente.
3. Aprobación, se procede, da distribución das axudas recollidas na convocatoria de Prácticums do Consello Social, correspondentes a 2023.
4. Proposta de renovación dos traballos de mantemento e actualización de contidos redaccionais e gráficos da web corporativa do Consello Social, durante 2023.
5. Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio ao programa "eDestrezas", promovido pola Vicerreitoría de Extensión Universitaria para fomentar as competencias dixitais de alumnado, PDI e PAS.
6. Acordo que proceda sobre a petición de colaboración co proxecto "CinVigo. Ciencia na rúa", promovido por CINBIO para fomentar vocacións científicas en Secundaria e BUP.
7. Acordo que proceda sobre o apoio solicitado pola Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para desenvolver actividades de divulgación científica abertas a escolares e á cidadanía en xeral.
8. Acordo que proceda sobre a solicitude da Escola de Enxeñaría Industrial para organizar unha competición de robots, co obxectivo de fomentar as actividades STEAM nos colexios e institutos galegos.
9. Acordo que proceda sobre a proposta de contribución do Consello Social para ampliar a presenza de alumnado na Escola de Verán sobre Servizos Climáticos, en colaboración coa Organización Meteorolóxica Mundial.
10. Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio ao proxecto "Clean Energy Ship", promovido por estudantes das enxeñarías da Universidade de Vigo, para competicións internacionais.
11. Aprobación, se procede, da proposta de actividades para 2023 do Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo, e da correspondente dotación económica.
12. Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para desenvolver o proxecto "Cóntancho as Matemáticas", orientado a estimular vocacións polas matemáticas nas últimas etapas de Educación Primaria, con especial atención á igualdade de xénero.
13. Aprobación, se procede, da aportación do Consello Social para a organización en Vigo da reunión da Conferencia de Consellos Sociais das universidades españolas.
14. Rogos e preguntas.

O presidente agradece a asistencia dos presentes e resalta a importancia da Comisión no desenvolvemento das competencias máis visibles do Consello Social.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (04.10.2022).

- ***Apróbase por asentimento.***



PUNTO 2

Informe do presidente.

Dá conta Ernesto Pedrosa de peticións que chegan ao Consello Social de diferentes colectivos, importantes pero alleos á comunidade universitaria e principalmente ao alumnado, polo que non son trasladadas á Comisión. Cita os casos concretos do Instituto de Estudos Vigueses ou da revista Ciencia Rias Baixas, cos que se colaborou nalgunha ocasión no pasado pero que no contexto de incremento de solicitudes e limitación de recursos resultan inviables para o Consello Social. De persistir estas circunstancias poderíase considerar abrir unha convocatoria pública de axudas, o que somete a reflexión a medio prazo.

PUNTO 3

Aprobación, se procede, da distribución das axudas recollidas na convocatoria de Prácticums do Consello Social, correspondentes a 2023.

Explica o secretario que o prazo de solicitudes pechouse con 14 peticións, unha máis que en 2022 a Facultade de Relacións Internacionais de Ourense). As cantidades demandadas (que suman un total de 60.326 € para unha dispoñibilidade de 30.000 €) móvense entre os 7.300 € deste último centro e os 1.500 € da Facultade de Historia. Ponderando os diferentes criterios contidos nas bases da convocatoria, as axudas concedidas sitúanse entre os 1.500 € a Historia e os 2.600 € a Enxeñaría Industrial e Ciencias da Educación e do Deporte. Nesta edición advírtese que non se poderán facer pagos directos ao alumnado:

- ***A Comisión aproba propoñer ao Pleno a seguinte distribución do Plan de Prácticums:***

Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (2.000); Escola de Enxeñaría Industrial (2.600); Facultade de Bioloxía (1.500); Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte (2.600); Facultade de Ciencias do Mar (2.300); Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo (2.500); Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (1.800); Facultade de Comercio (1.500); Facultade de Comunicación (2.500); Facultade de Dereito (2.400); Facultade de Educación e Traballo Social (2.300); Facultade de Filoloxía e Tradución (2.200); Facultade de Historia (1.500); Facultade de Relacións Internacionais (2.300).

PUNTO 4

Proposta de renovación dos traballos de mantemento e actualización de contidos redaccionais e gráficos da web corporativa do Consello Social, durante 2023.

Propónse renovar a contratación externa da actualización de contidos na web, o mantemento e a comunicación das iniciativas e presenza que desenvolve o Consello Social, de xeito que se poida garantir que estea permanentemente actualizada e dea resposta axeitada ás necesidades actuais, a visibilidade e ás actividades. A maiores, implementouse na web unha zona privada, accesible con identificador e clave, onde se pode localizar a documentación previa a cada reunión, a maiores dun repositorio de toda a documentación actual e histórica dende o ano 2018. Ante calquera eventualidade, prevese unha revisión semestral dos resultados do traballo e a súa valoración.

- ***Asígnanse 600 €+IVE mensuais durante 2023, por mantemento dos contidos textuais e gráficos, e un pago trimestral de 100 €+IVE correspondente ao mantemento informático.***

PUNTO 5

Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio ao programa "eDestrezas", promovido pola Vicerreitoría de Extensión Universitaria para fomentar as competencias dixitais de alumnado, PDI e PAS.

Explica o presidente que no curso 2019/2020 iniciouse o programa formativo gratuíto "eDestrezas", enfocado a mellorar as competencias dixitais do estudantado da UVigo, que posteriormente acollería



tamén ao PDI e o PAS. O desenvolvemento do programa cobrou gran aceptación dende que se optou pola docencia íntegra en remoto. Os cursos teñen unha duración de 30 horas, serán vespertinos, admitirán un máximo de 30 alumnos e precisarán cubrir un mínimo do 75% das prazas ofertadas. O Consello Social colaborou coa iniciativa dende o inicio, da man da Vicerreitoría de Extensión Universitaria.

- ***Apróbase unha aportación de 12.000 € para os cursos de 2023.***

PUNTO 6

Acordo que proceda sobre a petición de colaboración co proxecto "CinVigo. Ciencia na rúa", promovido por CINBIO para fomentar vocacións científicas en Secundaria e BUP.

Ernesto Pedrosa resume que o Centro de investigación sen ánimo de lucro CINBIO, unha aposta da UVigo por desenvolver coñecemento nos ámbitos biomédico e biotecnolóxico, organiza o proxecto "CinVigo. Ciencia na rúa", para achegar o mundo científico á sociedade mediante actividades nas que estudantes, centros educativos e cidadáns poidan vivir experiencias de ocio e ciencia combinados, e mesmo nas propias rúas. Entre os obxectivos: aumentar a cultura científica da cidadanía, animar aos docentes a crear entre o estudantado interese pola ciencia e implicar aos investigadores na divulgación. Ignacio Rodríguez subliña que se está a ver unha tendencia crecente de peticións de axuda para actividades que pretenden achegar a ciencia á cidadanía e estimular as vocacións científicas do alumnado antes de chegar á universidade. Engade que sintonizan de cheo cos obxectivos do Consello Social de atender ao estudantado cando chegan e cando saen da universidade.

- ***Apróbase unha aportación de 2.500 € para comunicación e difusión.***

PUNTO 7

Acordo que proceda sobre o apoio solicitado pola Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para desenvolver actividades de divulgación científica abertas a escolares e á cidadanía en xeral.

Resume o presidente que dentro das actividades que desenvolve o centro de xeito sostible, e consonte aos obxectivos de fornecer a educación científico-técnica da cidadanía e de incentivar as vocacións científicas e tecnolóxicas, a escola ten programada unha actividade para achegarse ao funcionamento dun parque eólico, unha explotación mineira e unha acería, aplicando tecnoloxías de realidade virtual que facilitan un percorrido virtual por eses escenarios. Así mesmo contempla unha serie de conferencias en centros de ESO e Bacharelato para dar a coñecer os ámbitos de traballo das persoas egresadas da escola.

- ***Apróbase unha axuda de 2.100 € para material e conferencias.***

PUNTO 8

Acordo que proceda sobre a solicitude da Escola de Enxeñaría Industrial para organizar unha competición de robots, co obxectivo de fomentar as actividades STEAM nos colexios e institutos galegos.

A Escola de Enxeñaría Industrial recupera a Competición de Robots nas súas instalacións. Será a sexta edición, despois da interrupción causada pola pandemia, dirixida a centros de educación de toda Galicia, a alumnos de Secundaria, Bacharelato, ciclos e ensinos, entre 12 e 17 anos, co obxectivo de fomentar as actividades STEAM nos centros, promocionar as titulacións da escola, desenvolver a curiosidade pola enxeñaría e favorecer a toma de contacto coa universidade. Na edición anterior participaron 170 equipos das catro provincias. Os asistentes conveñen na importancia destas iniciativas.

- ***Asígnase unha axuda de 2.000 €.***



PUNTO 9

Acordo que proceda sobre a proposta de contribución do Consello Social para ampliar a presenza de alumnado na Escola de Verán sobre Servizos Climáticos, en colaboración coa Organización Meteorolóxica Mundial.

Consonte se recolle na documentación que se achega, o laboratorio EPhysLab da UVigo foi elixido para acoller e difundir esta escola, que ten desenvolvido as últimas edicións en Asia, que promove a Organización Meteorolóxica Mundial, e que reúne entre o seu profesorado aos maiores especialistas mundiais en transferencia de información climática e meteorolóxica ao sector público e privado, en sectores como o enerxético, agrícola ou téxtil. Un máximo de 60 alumnos estudarán como algunhas empresas e administracións importantes usan a información meteorolóxica e climática para innovar. A axuda que se solicita ao Consello Social será destinada a sufragar a inscrición de catro alumnos, preferentemente pertencentes á UVigo ou á Eurorexión Galicia-Portugal. A proposta do presidente:

- ***Concédesse unha aportación de 3.000 €.***

PUNTO 10

Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio ao proxecto "Clean Energy Ship", promovido por estudantes das enxeñarías da Universidade de Vigo, para competicións internacionais.

Un equipo de 21 estudantes interdisciplinares das escolas de Telecomunicacións, Enerxía e Industriais traballan no deseño e fabricación dunha embarcación propulsada unicamente por enerxía solar. O próximo obxectivo é participar en competicións universitarias internacionais, tendo o mérito de ser o primeiro equipo español que acudiu á convocatoria 2022 da Energy Boat Challenge, prevista de novo o próximo verán en Mónaco, na que participarán equipos de estudantes de distintas universidades europeas coas que se medirá o proxecto da UVigo. A iniciativa proporciona ao estudantado un perfil de elevada demanda no tecido empresarial e favorece o seu acceso ao mundo do traballo.

- ***Apróbase unha axuda de 2.000 €.***

PUNTO 11

Aprobación, se procede, da proposta de actividades para 2023 do Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo, e da correspondente dotación económica.

Por indicación do presidente, informa o secretario neste punto de que o Observatorio ten un papel determinante na análise da inserción laboral e a empregabilidade do antigo estudantado da UVigo, tanto en Grao e Mestrado como en Doutoramento, así como na divulgación e actualización permanente dos datos. Na actualidade, os resultados son demandados por varios centros e áreas da universidade, e contribúen de xeito insubstituíble a completar os informes anuais de calidade e a cumprir os requirimentos que demandan os rankings universitarios nacionais e internacionais. A actividade abarca tamén a difusión telemática de contidos e a actualización da web, páxina de LinkedIn e canal YouTube do Observatorio, así como a actualización periódica da Base de datos. Con todo, aclara Ignacio Rodríguez que o Consello Social está a ter dificultades para a xestión administrativa da parte económica do Observatorio. Apunta ademais a inconveniencia de que se estea a significar como un servizo imprescindible para os intereses da UVigo pero que segue dependendo enteiramente do Consello Social. Amosa a necesidade de corrixir ambas circunstancias, para o que se abrirán conversacións ao respecto. Namentres, advirte que cada petición de informes que chegue ao Observatorio dende a universidade deberá ser presentada ante o Consello Social e terá un tratamento individualizado e con garantías por parte dos servizos económicos da UVigo.

- ***Asígnase un importe global de 25.000 € para a realización dos traballos, dando conta en cada caso.***



PUNTO 12

Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para desenvolver o proxecto "Cóntancho as Matemáticas", orientado a estimular vocacións polas matemáticas nas últimas etapas de Educación Primaria, con especial atención á igualdade de xénero.

O grupo de profesores da UVigo orientan os traballos de innovación educativa a divulgar e fomentar as matemáticas como unha achega comprensible, divertida e atractiva, como disciplina útil para a sociedade e a innovar na educación matemática. Neste obxectivo, orientado tamén a promover a igualdade de xénero, desenvolven esta actividade, dirixida ao estudiantado do último ciclo de Educación Primaria e os primeiros cursos de Educación Secundaria, mediante talleres, accións formativas e encontros. A iniciativa inclúe formación presencial a docentes para que poidan impartir talleres ao estudiantado. En virtual pode acceder tamén o público interesado neses contidos formativos. Acórdase aplicar a redución do 20% prevista nas normas que rexen as axudas do Consello Social no caso de sucesivas edicións dunha mesma proposta con patrocinio.

- ***Apróbase unha aportación de 2.150 €.***

PUNTO 13

Aprobación, se procede, da aportación do Consello Social para a organización en Vigo da reunión da Conferencia de Consellos Sociais das universidades españolas.

Os asistentes son informados de que os próximos días 12, 13 e 14 de abril reuniranse en Galicia os membros da Conferencia de Consejos Sociales das universidades españolas. Coa organización do Consello Social de Vigo, en colaboración cos Consellos Sociais de Santiago e Coruña, os asistentes participarán nun programa que se desenvolverá durante dúas xornadas en Vigo e unha en Santiago. Abordarase un primeiro tema sobre a contribución e a interrelación entre o Camiño de Santiago, as universidades e o coñecemento, cunha visión retrospectiva sobre a universidade no Camiño de Europa e outra de futuro sobre Europa no camiño das universidades. O segundo tema amosará unha mirada sobre as circunstancias e a evolución dos Consellos Sociais, no ano en que cumpren catro décadas dende que foran creados pola Lei de reforma universitaria e superadas catro leis orgánicas.

- ***Apróbase unha asignación máxima de 20.000 € para gastos de organización.***

PUNTO 14

Rogos e preguntas.

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:20 horas do 23 de febreiro, da que eu como secretario dou fe, co visto e praxe do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias